


Cartafol da LINGUA

BOLETÍN do EQUIPO de NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. Nº 7



MAIO LONGO

Despois do longo e húmido inverno comezan a abrirse camiño no ceo gris as raioliñas de sol, para reconforto dos nosos corpos e espíritos.

Ninguén pode nega-la evidencia: para o fin de curso non falta máis cá carreiriña dun can. Por iso é moi importante facer acopio de forzas para estudar e de vontade para illarnos das tentacións da primavera.

Cargadiños como andamos de traballo e de preocupacións, aínda fomos quen de encher este mes de actividades culturais cunha ampla participación do alumnado:

-A carreira da lingua, na que participaron máis de cen alumnos (todos eles voluntarios, por suposto).

-A participación na Mostra de Ensino dun grupo de entusiastas das matemáticas.

-As excursións á fraga do Eume e a Valdoviño, organizadas polo Departamento de Ciencias.

-A charla sobre Eladio Rodríguez e os estudos de léxico galego que deu Xosé Luís Martínez ós alumnos de Bacharelato.

Por último, queremos darlles unha cariñosa despedida ós alumnos que remataron COU este ano, e ós que aínda o han rematar, por suposto, moitos deles colaboradores desta revista e das actividades do Equipo de Normalización Lingüística.

¡Moita sorte e ata sempre!

Anxos García Fonte



ó pan, pan,
e ó viño, viño

A inmigración

Cada día podemos ver máis e máis noticias nos medios de comunicación sobre o tema dos inmigrantes, ben polos que intentan cruza-lo estreito e chegan mortos ás nosas costas ou son detidos polas forzas de seguridade ou ben polo barco que transportaba nenos para seren escravizados, pero o máis bonito de toda a historia é que o único que se fai ante esta situación é escoitar a noticia, polo feito de de escoitar ou ler unhas letrifias de tinta que non teñen sentido ningún para nós.

Ó facer este artigo, estiven analizando os xornais desta semana pasada para poder deixar impresos datos oficiais dos últimos días, pero ¿para que? ¿acaso se lle ía facer máis caso ó meu artigo do que se lle fai ó resto dos medios de comunicación que levan xa anos poñéndonos ó día de todo?

Cando penso na situación en que se encontra esta xente, véñense-me as bágoas ós ollos porque me dan moitísima pena. Sei que hai moitísima xente que non opina igual ca min, e ó mellor pensa que son unha cativa que non sabe do que fala, porque pensan que veñen ó noso país a sacárno-lo traballo. Sen embargo conviría facérmonos algunhas preguntas:

¿Sabedes que os traballos que fan son os de pa e picañón que nós nos negamos a facer?

¿Sabedes que hai xente que se aproveita da súa precariedade e que os ten nunha situación de escravitude mediante ameazas?

Deberíámonos preguntar seriamente qué é o que os impulsa a vir:

A situación de extrema miseria a que están condenados nos seus países.

A idea distorsionada que os medios de comunicación ofrecen do noso país basicamente turístico coma se fose un paraíso.

Non podemos esquecer que moitas veces pola falta de liberdade política ou pola guerra veñen a refuxiarse aquí. Isto, unido ó desexo de mellora que teñen tanto para eles coma para os seus fillos, fan que asuman tódolos riscos da viaxe.

¿Qué fariamos nós na súa situación?

A emigración existiu desde sempre, e non deberiamos esquecer que Galicia, ata hai moi pouco, foi unha terra de emigrantes. Os nosos avós ou bisavós

foron ás Américas a buscar fortuna, os nosos pais ou avós a países europeos coma Suíza, Alemaña, etc., Rosalía denunciou os abusos que sufrían os segadores galegos en Castela. Barcelona, País vasco e Madrid foron algúns dos destinos dos galegos nos últimos anos.

Pensádeo ben e dicídemme, ¿teño ou non un pouquiño de razón? Se con isto logrei facervos recapacitar, realmente considérome afortunada.

¿Carnívoros ou hervívoros?

Como ben sabedes, a nosa alimentación desde hai uns meses está sufrindo unha crise.

Os seres humanos somos omnívoros, é dicir, comemos de todo: verduras, legumes, cereais, peixe, carne... A nosa dieta debe basearse nunha serie de elementos básicos, un deles é a carne, da que ultimamente prescinde moita xente debido ás diferentes enfermidades que afectan ós animais (o mal da vacas tolas e a febre aftosa).

Desta maneira cada vez hai máis xente que se une ó clan dos vexetarianos, pero... ¿están estes libres de todo perigo? Non, non é así. A agricultura aprovéitase da ciencia que avanza cada día máis, utilizando produtos químicos para melloral-a rendibilidade das súas colleitas. Isto tradúcese en máis produción, máis beneficio, menos gastos, ¿máis enfermidades? Está demostrado que teñen vantaxes pero ¿son bos para a nosa saúde?

E isto lévanos a unha serie de dilemas: ¿cómo faremo-lo cocido típico da nosa Galicia?, ¿olvidarémolos chuletóns?, ¿esquecerémonos tamén das ricas ensaladas de verduras que nos facía mamá?, ¿QUE COMEMOS?

Todo este problema non afecta só ós comensais, senón tamén ós gandeiros, carniceiros, ¿que pasará dentro duns meses?


Parece mentira que crises coma esta sucedan hoxe en día, cos medios que temos ó noso alcance para evitalo: máis controis veterinarios e menos vistas gordas. Se cadra, agora que saltou a lebre, é o momento en que podemos comer carne con máis garantías, porque xamais estivo máis controlada do que está agora, pero ¿quen nos di que non temos xa a encefalopatía esponxiforme?

Trémanme as pernas

Síntome mal... ¡¡ai algo me pasa!!

Estou TOLAAA...

Clara Prego&Isabel Mesía



VIAXES DE FIN DE CURSO (OUTRAS VIAXES) por Xosé Luís

A viaxe de fin de curso, entendida como unha viaxe de fin de estudos (dunha etapa para uns, e definitiva para outros), forma parte do panorama académico dende tempos xa case que inmemoriais. Nun primeiro momento foi un hábito alentado e promovido polo propio profesorado, entendendo que se trataba d'un complemento educacional a todas luces rico (saír do propio, coñecer outros entornos, outras xentes, visitar centros culturais, monumentos, etc.); nun segundo momento adquiriu tintes máis lúdicos, convertiuse tamén nun modelo de festa, de celebración de triunfo, de símbolo de liberdade (para o alumnado), e de resignada participación para o profesorado; xa nun terceiro momento (duns anos a esta parte), transformouse na mera excusa para o desenfreno e a liberación da axitada adrenalina adolescente e, por suposto, nunha actividade da que o profesorado foxe coma do lume. En moitos centros xa non se realizan, noutros asúmen os pais a tarefa de acompañamento, nos menos, segue habendo profesorado un pouco temerario que aínda se aventura en tales expedicións.

Dende a desaparición do BUP e a implantación completa do ESO, é o alumnado de 4º o que organiza ditas viaxes (alumnado que conta polo xeral cun ano menos que os seus anteriores colegas de 3º de BUP). Algún dese alumnado non está aí senón por imperativo legal (non por motivos de estudio, senón por pura reclusión social) e, despois de pasar polas aulas deixando a súa indeleble pegada (en compañeiros, mestres, continente e contidos), apúntanse á excursión como colofón a tan digno esforzo, como traca final do espectáculo. Por suposto, eso conleva que algúns outros, con traballo demostrado ás súas costas, con méritos sobrados para merecer tal premio, nin se plantexen a hipotética posibilidade de realizar tal viaxe. ¿Por que será? Polo demais, eso si, supoñendo que os dous ou tres *pardillos* de turno (cando non un só) apanden coa ingrata tarefa de dar organizado todo, aínda a expensas de abandonar os labores de estudio en maior ou menor medida, xa que os labores de *non estudio* non se poden abandonar nin para preparar unha excursión.

Polo que levamos dito -e por moito máis-, no IES de Mugar dos establécese a creación dunha normativa para regular ditas actividades. Os requisitos non están de todo definidos, pero si as pautas que van seguirse para elaboralos. Máis ou menos, veñen sendo as seguintes:

Non haberá máis posibilidades de realizar viaxes de fin de curso que no 4º de ESO. Dita viaxe ten que ser entendida como "premio" e non como

"fiesta jolgorrio" extensiva para todos. Para que o centro participe activamente na mesma (colaboración de profesorado, aportación económica, emprego de membretes oficiais, etc.), a viaxe debe ter un mínimo de contidos de carácter cultural (é dicir, non tan só parque de atraccións, discoteca, cervexa, noites tolas de hotel e resaca na praia).

Non terán dereito a participar nas mesmas aqueles/as que causaran por motivos disciplinarios problemas no centro.

Cabe a posibilidade de establecer tamén un mínimo de requisitos académicos (non ter suspensas máis de x asignaturas, considerar a calificación de capacidades, etc.). Neste caso a polémica é máis acusada, polo que non hai nada decidido.

Todos estes puntos foron xa aceptados polo Claustro e polo Consello Escolar, e abren deste xeito un proceso no que queda por concretar máis polo miúdo cada un deses criterios, e tamén o de facelos extensibles á participación en calquera outro tipo de actividades extraescolares.

A súa aplicación terase en conta para a excursión de fin de curso de 4º de ESO deste ano, no caso de que chegue a facerse, porque:

Non houbo modo de organizar debidamente unha viaxe de fin de curso (tan só unha persoa cargou co traballo de dinamizar todo: Rocío Vascós).

Nin sequera houbo esforzo para desempeñar as tarefas encomendadas (ventas de todo tipo: caso xa límite o das mantecadas).


Nin se sabe cantas reunións se foron convocando para estar sempre os sete ou oito resignados.

Nin os pais respostaron para comprometer definitivamente a viaxe (nove na reunión).

Tan só quedou unha alternativa: substituír a excursión de fin de curso por unha actividade máis simple para satisfacer en parte as demandas de quen quedaría frustrado. E entón ¡milagre!: todos; non, todos non, máis aínda. Si, entón xurdiron rapazas e rapaces de 4º de ESO para pedir participar ¡nunha acampada en Lugo!

Falta por celebrar unha reunión para determinar aspectos (polo menos no momento de escribir esto, non sei se cando se publique xa se terá levado a cabo). Pero anuncio que un dos puntos máis polémicos vai ser o de decidir qué profesorado vai acompañalos, xa que, ¡sorpresa!, reaccionaron igual que o alumnado: apuntábanse todos, ducias de voluntarios, non, ducias non, ¡que digo!, centos, ¡viñan doutros centros! En fin, que a cousa está moi complicada.





Hannibal

Esta película, como ben saberedes, está a arrasar nas taquillas de todo o mundo. Tamén saberedes que é a continuación de *El silencio de los corderos*, onde Jodie Foster e Anthony Hopkins no deslumbran en senllos papeis. Tratábase dunha película psicolóxica que sorprendía polo seu guión e polo seu tratamento do libro en que se basea. Todo este éxito da 1ª parte fixo que a 2ª parte fose desexada en todo o mundo, que tivo que esperar dez anos para que o autor da primeira novela se decidise a facer a 2ª parte. Contrataron ós mellores produtores, maquilladores...pero nesta ocasión Jodie Foster rexeitou o papel, que recaeu en Julianne Moore e, de novo en Anthony Hopkins.

A min, coma ó resto do mundo que se interesa polo cine, provocábame curiosidade, e esta incrementouse cando souben que houbera xente que se desmaiara ó vela. Esperaba ver algo tan brillante coma a 1ª parte, pero parece que unha vez máis cumpriuse aquel refrán que di que "as segundas partes nunca foron boas".

A película distánciase do libro, como sucede tan a miúdo; Julianne More non parece unha axente e parece que está a ler os informativos; a historia en si non é boa, aínda que un brillante Anthony Hopkins libra á película do desastre total.

Aquela escena que tanto medo me daba ver, aquela na que se desmaia a xente, non é máis ca unha boa montaxe, onde un cerebro (de plástico coma o de ciencias naturais) está ó aire mentres o home segue vivo (pero feliz). Créde-me cando digo que non é para tanto, incluso o cine enteiro se botou a rir.

A idea era boa e está resultando proveitosa para aqueles que traballaron nela, pero para min foi unha tarde perdida. Sei que non me faredes caso, pero... non vaiades vela ou o lamentaredes.

Verónica Fdez. Varela COU2

Torrente 2 "Misión ..."

Torrente chega a Marbella con moito diñeiro, pero unha mala xogada faille volver ó traballo. Axudado por un toxicómano chamado Curro, descubren o plan de Spinelli (o malo), que quere destruír Marbella, pero o chip estaba escondido nun pin do Atlético de Madrid que Cuco encontra e regala a Torrente.

Empezan a perseguir a Torrente e, nun hotel, vense obrigados a saltar ó vacío, pero só salta Gayolo (un discípulo) que, a consecuencia morre.

Ó final logran desface-los plans destructores e Torrente é condecorado.

Ós que lles gusten as mozas guapas, os efectos especiais elevados á máxima potencia e un humor algo negro teñen en Torrente 2 a súa película.

Juan Mª Díaz Riveiro 2º ESO B



Todo Música

Amigos, máis vos vale que vaiades aforrando os cartos das pagas dos vosos avós, porque co que chega en música nesta temporada, valerá a pena investir en CD's.

Pisando forte, e dende México, ven a guapa Paulina Rubio, co seu disco *Paulina* que está a rachar cos records de ventas. Tamén dende Latinoamérica chega Natalia Oreiro, que está empeñada en rexeita-lo voso *Veleno*. Continuando coa rama latina, Chayanne acaba de publicar un disco en vivo e en directo.

Por suposto non podía faltar no meu artigo Estopa, que semellan estar estancados nos primeiros postos das listas de ventas, e seguramente continuará sendo así, sobre todo na nosa terra, despois de que o 19 de abril viñeran á Coruña a dar un dos seus magníficos e cañeiros concertos.

Outros que se volveron a animar a sacar disco son os OBK, cun album titulado *Extrapop*, ¿será iso algo máis ca pop?

Volven á carga outros grupos coma os Cu kas e os Piratas, cos mesmos Mclan, que de ver morrer unha estrela no ceo de Orion pasaron a pedirlle á xove "Cardina" que os trate ben.

Teño que falar de dous novos grupos españois: os Gypsy Tems, que a pesar de ter un nome de grupo en inglés proceden de Cataluña, Xibraltar e Andalucía. O outro son as Tess, coñecidas por actuar, ademais, na serie de televisión *Al salir de clase*.

Outra novidade son Os Guaraná, cinco rapaces que xa se están deixando oír en pistas de baile e nas cadeas de radio.

O grupo El canto del loco está arrasando alí por onde pasa, e digo isto porque están de xira polo noso país actuando en case tódalas cidades.

A que non gaña moito máis ca tomates e ovos, ademais de cobrar millón e medio por cada actuación, é a cutre-famosa Tamara, que segue sen cambiar.

Outros grupos españois que ocupan estas semanas os primeiros postos das listas de éxitos son os Elefantes, Espíritu 986, Os secretos, vellos mitos, Luna Pop e, sobre todo, Jarabe de Palo, que coma o seu single di, o seu cantante está medio pasado de *vuelta y vuelta*.

Xa viaxando ó redor do mundo, atopamos os éxitos de Jennifer López, que recén separada dálle esperanzas ós miles de fans de todo o mundo.

Artistas que regresan son a nórdica Emilia, a veterana Janet Jackson, U2, ou Aerosmith.

Os 5 Club Seven tamén quixeron repetir nisto de sacar un 2º CD, así coma o rapeiro-problemático-pasota Eminem que dá bastante que falar. Esperemos que o refrán que di que segundas partes nunca foron boas non sexa certo.

Se queredes algo que sexa unha mestura de *heavy, soul, funky, country e rap*, ¡supertolo!, non son outros que os Fun Lovin' Criminals.

Outra revelación son un grupo que está a 98º, e non por outra cousa que non sexa o nome do grupo.

Quen tamén arrasaron son os Steps, e qué dicir dos Backstreet Boys, que non paran de recadar éxitos.

Xa para finalizar, como solistas cabe destacar a Samantha, Mamba e Dido, que pouco a pouco van abrindo as portas dese difícil mundo da fama.

En conclusión, compañeiros, se queredes estar en *on* nesta temporada, ide aforrando, mercando e, como di a canción de Thalía: **ARRASANDO!!**

Iria Rodríguez COU2





A VOLTAS COA ALIMENTACIÓN

Xa sabedes que un grupo de alumnos e alumnas de 3º de ESO coas profesoras Pilar Garabana e Covadonga Rodríguez-Moldes fixemos un traballo sobre a alimentación. Imos comezar este artigo falando sobre o que foi para nós este traballo.

Ó principio non eran moitas as esperanzas que tiñamos postas neste proxecto, aínda que ó final rematamos con moitos ánimos e cunha visión moi positiva do traballo.

Os resultados que obtivemos nas enquisas e nas observacións dos recreos, xa expostos nas charlas que vos presentamos, foron, a grandes rasgos, os seguintes:

*Almorzo típico do alumnado do I.E.S. de Mugar-
dos:

- Nada de froita
- Leite con cacao
- Galletas ou cereais (aínda que nos cursos superiores son tantos os que toman galletas ou cereais como os que non toman nada).

*Consumición na cafetería no primeiro recreo:

- Bocadillos pequenos.
- Golosinas
- Bolsas

*Consumición na cafetería no segundo recreo:

- Golosinas
- Bolsas
- Bocatás pequenos

Tamén buscamos información nun experto en nutrición, Don Diego Bellido Guerrero, quen, despois dunha longa entrevista, propocionounos datos moi interesantes como, por exemplo, que as persoas que teñen problemas para almorzar porque lles senta mal tomar algo sólido pola mañá, deben de tomar un zume e logo, a media mañá, tomar algo que aporte enerxía, que as golosinas teñen un alto contido en calcio ou que a culpa dos desequilibrios na alimentación non é toda dos nenos, hai que comer con eles e inculcar uns hábitos saudables e moitas máis cousas e moi interesantes, pero sería moi difícil resumilas todas.


A acollida ó traballo foi excepcional: acadou o segundo posto a nivel galego no Certame do Xove Consumidor Europeo e, aínda que moitos poidades pensar que isto foi simplemente un traballo e que "xa morreu o conto", abriu o camiño para novos estudos sobre o tema. Como mostra disto, no XI Congreso da Sociedade de Nutrición e Dietética de Galicia que se celebrou recentemente en Ourense, varios especialistas en nutrición do Hospital Naval de Ferrol presentaron un póster titulado: "Hábitos alimentarios dos estudantes do I.E.S. de Mugar dos durante a xornada escolar"; estes especialistas animáronnos a seguir traballando neste tema, xa que lles parece preocupante o alto consumo de azucre e graxas, e especialmente o sodio presente en todos os aperitivos. Pensan que é necesario facer máis campañas de concienciación para unha mellora de hábitos alimentarios.



Queremos falar tamén sobre a campaña de fomento de consumo de froita realizada na cafetería do centro (1 froita=1 punto; 4 puntos=1 bocata gratis). Estamos bastante sorprendidos cos resultados obtidos xa que pensamos que tería unha maior aceptación entre o alumnado; o consumo de froita segue sendo moi escaso a media mañá no instituto, pero entendémosvos ¿a quen lle apetece comer unha mazá, con tódalas propiedades que posúe, tendo a posibilidade de encherse de colesterol e graxa cun Donut ou un paquete de patacas fritas?

E con isto poñémo-lo punto e seguido ó tema da alimentación, tan de moda na nosa sociedade. Aínda que non sen antes animar a toda a xente preocupada pola alimentación e, a longo prazo, pola saúde a seguir estudando o tema.

Daniel García Rey
Miguel Rodríguez Bouza



Luisa Barreiro
Juan José Lestón
Aarón López Rañales





OTERO E O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: A NOVA GALICIA

*Que está comigo a esperanza,
Fiando, fia que fia...
Ela fia, eu confío
No albor do novo día.*
Celso Emilio Ferreiro

Aló polo ano 1923, un fado de universitarios galegos fundan o SEG, o Seminario de Estudos Galegos. Farano exactamente o 1 de outubro na casa onde a poetisa Rosalía de Castro viviu os seus primeiros anos. Esta institución será absolutamente capital para o desenvolvemento das ciencias humanísticas en Galicia.

A idea fundamental atribúeselle ó poeta e erudito Fermín Bouza Brey, a concreción e maduración do proxecto ó historiador Xosé F. Filgueira Valverde, que sería despois Presidente do Consello da Cultura Galega e Conselleiro de Cultura.

A acta fundacional foi asinada entre outros por Ramón Martínez-López ou o malogrado Xulián Magariños Negreira, ademais dos anteriormente citados Bouza Brey e Filgueira. Entre outros foron membros destacados do SEG: Ricardo Carballo Calero, importantísimo historiador e estudioso da literatura galega e primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela; Antonio Fraguas, historiador recentemente finado e fundador do Museo do Pobo Galego; Francisco Fdz. del Riego, un dos fundadores da editorial Galaxia e actual presidente da Real Academia Galega; Isidro Parga Pondal, o grande xeoquímico. O SEG conta axiña co apoio de tódolos membros da Xeración Nós, e o propio Otero Pedrayo foi o último presidente da Institución.

Desmantelado trala victoria do bando sublevado en 1936, o SEG conseguira senta-las bases do estudio filolóxico, literario e histórico a través da súa revista, *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, e os magnos estudos *Vila de Calvos de Randín* e *Terra de Melide*.

A partir de 1916, coa fundación das Irmandades da Fala, Galicia vive un período de renacemento cultural en toda regra. Os tres grandes focos deste renacemento foron as Irmandades da Fala, a revista Nós e o SEG. As tres institucións tiveron sobre o seu espírito proxectada a ornda e fidalguísima sombra de Ramón Otero Pedrayo. Naquel momento agromaba nel o sentimento de servir á terra, sentimento no que se achará a si mesmo e gracias ó cal deixara de andar coma un cego buscando un obxectivo na vida no que instalarse. (Tamén outro señorito ourensán que nacera na mesma casa de Otero, andaba por aquel entón a abrazar a causa galeguista. Fora gañado para ela polo profesor Losada Diéguez. Posteriormente, pola súa evolución foi tildado de traidor por moitos que se negaron a estudar racionalmente a súa actuación durante a II República e a Guerra Civil. Respondía ó nome de Vicente Risco). Pero o que nos interesa aquí é o SEG, porque é a iniciativa dos xoves, os homes de Nós e as Irmandades eran xente madura. O SEG está caracterizado polo pulo xuvenil duns rapaces que crían realmente no que facían, o sentimento de entusiasmos preside o seu labor. Esta é a diferenza: o labor de Nós era divulgación cultural, a do Seminario era de auténtica axitación. Así o testemuñan celebracións coma a *Festa da Lingua Galega* (1924-1925) ou a *Festa da Prosa Galega* (que se celebrou o curso seguinte , resultando gañadora do certame o relato de Otero Pedrayo *Pantelas, home libre*).

O primeiro presidente do SEG foi o *enfant terrible* da USC don Armando Cotarelo Valledor, catedrático de Literatura Española. A condición de *enfant terrible* outorgábanlla dúas pequenas rarezas: era unha ameaza para a seguridade vial desprazándose a grande velocidade nun velocípede do pola rúa, ademais era un



intelectual renegado que, aínda hoxe é un dos principais cultivadores de teatro en galego.

O segundo presidente, o profesor Cabeza de León, era un vello galeguista que participara nos Xogos Florais de Tui, os primeiros celebrados en galego, e cultivara a amizade de Manuel Murguía e Alfredo Brañas.

Pero o que nos ocupa é o último dos presidentes: Ramón Otero Pedrayo. Xa fora encargado de varias seccións e a súa condición de mestre fronte a Filgueira, Bouza Brey, e xeracións posteriores era indiscutible. Aínda así, con agradecemento e ánimo mozo asumiu a dirección do SEG.

As relacións entre Otero e o SEG, con toda a ilusionada esperanza que este representaba, deu como froitos literarios importantes a novela *Devalar* e o poema *A Estadea*. *A Estadea* é un poema pertencente á abundante pero espallada obra poética oteriana, está escrito en setembro de 1936, cando o bando sublevado desmantelaba o SEG. Descoñecemos totalmente este poema que foi atopado polo profesor Alonso Montero e publicado en 1998.

Devalar é, para moitos, a mellor novela de Otero. Esta novela está clasificada entre as novelas culturais do autor (a saber: *Arredor de si*, *A romaría de Xelmírez*, *Fra Vernerero* e a que nos ocupa). As novelas culturais opóñense ás novelas realistas (*O señorito de Reboraina*, *O mesón dos ermore*, a temida polos alumnos de COU, *Os camiños da vida*). As primeiras están caracterizadas prioritariamente polo elemento cultural e nelas o seu autor ensaia novas técnicas narrativas moí en boga entón que remiten a autores como James Joyce ou Marcel Proust, e unha liberdade narrativa herdada do romanticismo. As segundas remítenos ós grandes mestres do realismo do século XIX como Balzac, Flaubert ou Stendhal (ós que Otero lera moitísimo).

Pero volvendo a *Devalar*, o aspecto que caracteriza fortemente á novela é o entusiasmo. Porque os tempos que se vivían entón eran os da ansia dun porvir brillante. E Oteror efecte estes tempos coma a culminación dun soño, a Galicia que esperta. Non esquecer que, segundo Carballo Calero, *Devalar* viría se-la culminación dunha triloxía sobre a evolución intelectual de Galicia, que estaría aberta por *Os camiños da vida* e seguida por *Arredor de si*. Pese a non deturpa-la sensación final da novela, hai en *Devalar* elementos que xa presaxian o tronzar que vai sufrir-la grande esperanza de Galicia, e o propio Otero vía con espanto como o conservadurismo de Risco ou Filgueira se radicalizaba.

Outro punto de gran importancia atopámolo no carácter simbólico dos protagonistas Martiño Dumbria e Pauliños Fontela. Non son símbolos de si mesmo (Adrián Solovio, o protagonista de *Arredor de si*, érao), senón símbolos de Galicia.

1935: Antonin Artaud representaba sen éxito *Les Cenci* en París; O premio Nobel de literatura quedaba deserto; Federico García Lorca escribía os seus poemas galegos; o mundo preparábase freneticamente para estoupar e permaneceu instalado, xa para sempre, na súa propia ruína moral. Sen que o mundo o soubera, ese mesmo ano otero publicaba *Devalar*. Páxinas de sólida brillantez e de ollada leda. O home que sufrira como unha loita o *agromar do espírito inmorredoiro da terra*, que deixara de andar coma un cego, arredor de si, o dono de raros saberes. El, o reiseñor de Trasalba, o mpríncipe de Aquitania, don Ramón Otero Pedrayo, vía coma unha xeración libre de intelectuais medraba á súa vizosa sombra sen ningún escollo en lontananza.

A RESURRECCIÓN DA ALMA DE ÁLVARO CUNQUEIRO

Congratulámonos, regocixámonos e alegrámonos de que se estea a estender unha pequena febre Cunqueiro coma a que o ano pasado correspondeu a Castelao. A obra fonda destes autores ofrece unha visión da cultura galega á que convén sempre botar unha



ollada de reollo.

É obvia a influencia de obras como *Merlín e familia*, *Os outros feirantes* ou *Se o vello Simbad volvese ás illas* sobre a narrativa galega posterior. A súa calidade parécese que asulaga tristemente a súa obra teatral (que requiriría dun artigo á parte para a súa xusta reivindicación) e despistou o interese sobre a súa poesía, de iguais ou maiores cualidades cá prosa.

Coas estrelas por lindeiro.

A poesía é a vocación primeira do mozo Cunqueiro. Os seus tempos de universitario (cando coincidiu con personaxes coma Carballo Calero, Fdez. del Riego ou García Sabell) eran tempos en que os novos movementos artísticos se difundían nas tertulias dos cafés. A xeración inmediatamente anterior, sobre todo Manuel Antonio, plantara un xermolo de renovación na arte galega.

Impregnado de todo este ambiente, en 1932 publica na editorial Nós o poemario *Mar ao norte*, con ilustracións de Luís Seoane. Este primeiro libro de Cunqueiro é clasificado de cubista, polo xogo que establece a través de descrições da realidade un tanto esquemáticas e cheas de metáforas e símbolos difíciles. Quizais foi este o libro que peor tratou o tempo, o crítico máis inflexible, de entre tódolos da poesía de Cunqueiro; pero o espírito *manuelantiano* que percorre o libro beneficia, así coma a presenza de certas claves que serán capitais para entende-la lírica de Cunqueiro.

No niño novo do vento...

En 1933 publícase o libro *Cantiga nova que se chama ribeira*, que é, xunto con *Nao senlleira* de Fermin Bouza Brey, o libro fundamental da corrente neotrobadoresca. A influencia dos cancioneros medievais (descoñecidos polos escritores galegos inmediatamente anteriores) materialízase en vinte e cinco composicións de gusto enxebre, con pingas de avanguardismo que non desentoan do conxunto. A título persoal engadirei que a sinxeleza destas composicións é equiparable, quizais sexa tamén unha influencia, á do libro de Cabanillas *A rosa de cen follas*.

En calquera caso atopamos, na miña modesta opinión, en *Cantiga nova que se chama ribeira*, ó mellor Cunqueiro da preguerra.

L'amour fou


No seu seguinte libro Cunqueiro manifesta unha evolución parecida á que mostraran Lorca ou Alberti cando saltan dunha poesía neopopular ó surrealismo. Mais o surrealismo de Cunqueiro de *Poemas do si e do non* (1933) é diferente do dos escritores andaluzes. Cunqueiro segue a explorar unha poesía lúdica e esteticista (se ser pexorativos os termos en absoluto), mentres Lorca e Alberti practican un surrealismo tráxico e desgarrador.

Se ben o surrealismo é unha clave en toda a obra de Cunqueiro, narrativa e poética, *Poemas do si e do non* é en exceso artificioso como para estar á altura do seu modelo: o poeta francés Paul Eluard. O surrealismo depurado e asumido en Cunqueiro atopárono nos seus contos e novelas e nalgúns imaxes fugaces da súa poesía posterior.

As quimeiras desoladas

Logo de ser suspendido como periodista polo réxime de Franco, volve a Mondoñedo onde reinicia a amizade con vellos compañeiros. Fdez. del Riego ou Piñeiro comprendían que a recuperación cultural de Galicia pasaba necesariamente por un home do talento de Alvaro Cunqueiro.

Mugardos, 1 de abril de 2001
¡TERRA A NOSA!
Noel Blanco



Dende hai séculos o home tivo unha vinculación cos animais que ía máis aló da postura cazador/presa. O home chegou a recoller algunhas especies baixo o seu brazo e convertíunas en compañeiras de aventura. ¿Que sería de grandes conquistadores coma Atila, rei dos hunos, ou Hernán Cortés se non contasen cos seus cabalos? Os animais foron en certas civilizacións máis ca simples seres vivos, chegando a considerarse deuses: o elefante e a vaca para os indús, ou o escaraballo, o gato ou o ibis para os exipcios. ¿Como sobrevivirían os cazadores primitivos se non contasen coa axuda deses cans lobos que deron amansado?

Pero parece que na actualidade estes nobres seres non teñen cabida, xa que se foron substituíndo desde o século XIX por máquinas. Agora moitos animais, fundamentais para a vida na nosa terra anos atrás coma o burro, están en perigo de extinción. É que a visión de certos animais, co paso do tempo, cambiou moito, por exemplo o porco, que hai só unhas décadas víase como ese animal que lle daría carne á familia para poder pasar con tranquilidade o longo inverno, e na actualidade a súa carne é pouco apreciada (exceptuando o pata negra e outros manxares porcinos).

Ademais o home ten a mentalidade de que se algo non é útil, é mellor desfacerse del, como lle está a pasar a moitas especies coma o oso panda, o lince ibérico ou a pita do monte na nosa terra. O ser humano, no que se refire á extinción de especies, é un especialista. Todo o que non se debe facer, nós fixémoslo, provocando auténticos caos ecolóxicos: poñer especies de rápida reprodución en áreas sen depredadores naturais (o coello ou o rato nas illas do Pacífico), ou o abuso da caza (o caso máis impresionante foi o do dodo, que desapareceu en menos dun século dende que se descubriu na illa Mauricio, o seu único hábitat).

Malia todo isto, aínda hai culturas que, máis ou menos modernizadas, viven en harmonía cos animais: o pobo mongol e os seus pequenos cabalos esteparios (dise que un neno mongol aprende antes a montar do que a camiñar) e o pobo indú e as vacas.

En resumo, vivimos e evolucionamos grazas a eles e debemos protexelos para que os nosos descendentes non teñan que face-lo mesmo ca na película *Parque Xurásico*, pero en vez de con dinosaurios, con mamíferos e aves.

Daniel Castro 1ºBAC



O REPORTEIRO LINGORETEIRO

De parola con Pilar García

Este ano o Cartafol realizou unha serie de entrevistas que nos serven ós alumnos para coñecer ós nosos profesores: ós máis sexis, en opinión do alumnado, Xosé Luís e Olga, ó máis polémico, Manuel Porta e, nesta derradeira edición do curso, imos entrevistar a Pilar García, profesora de Lingua Galega e Literatura, ex-coordinadora do Equipo de Normalización Lingüística, actual Xefa do Departamento de Lingua Galega ...e outras moitas facetas que hoxe descubriremos.

Pilar naceu en Betanzos, aínda que non sabemos cando (parecíanos unha indiscreción preguntarllo). É unha veterana no noso instituto, xa leva nel oito anos, pero a pesar de estar moi ben no centro, pediu máis dunha vez o traslado para impartir clase nun instituto máis cercano ó seu fogar,

Tras buscar na súa memoria por unha lembranza da súa vida como estudante, atopamos a unha Pili (así é como lle chama Olga a de francés) que foi castigada na clase de educación física, encerrada no baño do vestiario ata que rematara a clase, por falar (¿quen, Pilar? ¿non o creo!).

A cor verde é a preferida por Pilar, será por iso de *verde que te quiero verde*. por dicirmos un número, díxonos dous: o sete e o catro. Andrés é o nome elixido por Pilar para home, porque segundo ela, está de moda. Ana é o nome de muller.

Se tedes algunha dúbida de se estades ou non aprobados, ou queredes subi-la nota, non tedes máis que invitar a Pilar ás Rias Baixas, co seu soliño e as súas costas, coa súa paisaxe e as súas xentes... alí quizais disfrute da música de Serrat, Aute ou Silvio Rodríguez (os seus cantantes preferidos) ou poida que pase as horas lendo algún libro de Celso Emilio Ferreiro. Preguntándolle polo seu libro favorito, contestounos que tiña moitísimos e citou *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro.


O ano 2000, data que á nosa profe lle resultou bonita, presentouselle a Pilar chea de novidades dentro e fóra do instituto. Ela púxolle nota, un oito (¿quen sacara esa nota nun exame!). Un punto menos é a calificación que para ela merecémolos alumnos do instituto, e se non fose por certas persoas, lograríamos unha nota máis alta, xa que a Pilar algo que a amola moito é que pensamos que só temos dereitos e non deberes. Non é así, para ela o máis importante é a cortesía no trato diario entre os propios alumnos e cos profesores, a boa educación, para ela está por riba de se conseguimos boas noas ou non.

Pilar considérase bastante maniática e coida que se enrrolla abondo dando as clases, pero sempre conserva a ilusión de facer unha clase amena. Atentos os outros profesores: Pilar considera moi boa a súa relación co resto do profesorado, aínda que destaca a súa amizade con Concha.

En certa ocasión, ocorréuselle, mentres facía a programación do Equipo de Normalización, a instalación dun sistema de emisión de radio interna no centro que nos servise ós rapaces para poñer música e dar recados. A inspiración veulle da serie *Beberly Hills* e agora tamén na serie *Compañeros*. Por agora, os problemas económicos impediron a súa realización, pero ¿quen sabe se o ano que ven recibiremo-los sons da nosa propia radio?

Santiago Malvárez 1ºBAC

GARGALLADAS



Iago Roca 1º ESO



Carmen Ríos COU 2





	1	2	3	4	5	6	7	8
1							■	
2					■			
3						■		
4		■		■			■	
5					■		■	
6								
7			■	■				
8								■

HORIZONTALAIS

1. Filósofo grego. 2. Persoa con elevada estatura. Nome de muller. 3. Diversión, alegría. Preposición. 4. Sociedade limitada. 5. Cogumelo. 6. Concebir, inventar. 7. Infusión. Cardinal de oitavo. 8. Natural de Huesca.

VERTICAIS

1. Que vive a expensas doutro. 2. Forma oblicua do pronome persoal de 3ª persoa. Nome de letra. en plural. 3. Deportista que practica o atletismo. 4. Nome dunha letra do alfabeto grego. Ó revés, adverbio. 5. O un da baralla. Átomo con carga positiva ou negativa. 6. Sodio. Manifestación externa, signo ou representación dunha cousa (ó revés). 7. Neón. Tantalio (ó revés). 8. Recipiente de barro de boca pequena.

Isabel Mesías

